

ACORDOS DA XUNTA DE FACULTADE DE PSICOLOXÍA, 2021 – 2022**17 de setembro de 2021**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da decana e vicedecanos.
3. Información sobre o inicio do proceso de eleccións a decana/o da facultade.
4. Asuntos de trámite.
5. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbase a acta da reunión ordinaria de Xunta de Facultade do 17 de xuño de 2021.

29 de outubro de 2021

Orde do día:

Punto único.- Elección de decana da Facultade de Psicoloxía

Acordos:

- Apróbase propoñer como decana á profesora M^a José Sampedro Vizcaya

25 de novembro de 2021 (extraordinaria)

Orde do día:

Punto único.- Aprobación, se procede, da solicitude de informe favorable para a petición de nomeamento de profesor emérito

Acordos:

- Apróbase emitir informe favorable para a petición de nomeamento de profesor emérito.

22 de decembro de 2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informe da decana e vicedecanas.
3. Solicitude de informes para o recoñecemento do complemento por méritos docentes (quinquenios) correspondente ao ano 2021.
4. Asuntos de trámite.
5. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbanse as actas das reunións de Xunta de Facultade do 17 de setembro, 29 de outubro e 25 de novembro de 2021.
- Apróbase a emisión de informe positivo de avaliación da docencia para aqueles solicitantes que teñan recibido informe favorable dos seus departamentos, e dos que non se teña constancia de circunstancia negativa no centro, no que atañe a súa docencia.

08 de febreiro de 2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da decana e vicedecanas.
3. Aprobación, se procede, da proposta de cambio de cuadrimestre de dúas materias optativas de 4º curso de Grao de Psicoloxía.
4. Aprobación, se procede, da PDA dos títulos do centro para o curso 2022-2023.
5. Aprobación, se procede, da asignación de prazas dos diferentes títulos do centro.
6. Aprobación, se procede, da declaración de intención de compromiso da facultade para participar no Máster A xestión da experiencia do cliente.
7. Aprobación, se procede, da declaración de intención de modificacións substanciais do título de Máster Universitario de Psicoloxía Xeral Sanitaria
8. Asuntos de trámite.

9. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbese a acta da reunión de Xunta de Facultade do 22 de decembre de 2021.
- Apróbese o cambio de cuadrimestre das materia optativas do cuarto curso do Grao de Psicoloxía: *Orientación e Intervención Psicoeducativa* pasaría para o primeiro cuadrimestre mentres que *Avaliación do Desenvolvemento* se cambiaría para o segundo.
- Apróbanse as PDA de todos os títulos do centro.
- Apróbese manter o mesmo número de prazas que no curso anterior en todos os títulos do centro.
- Apróbese a declaración de intención de compromiso da facultade para participar no Máster A xestión da experiencia do cliente.
- Apróbese a declaración de intención de modificacións substanciais do título de Máster Universitario de Psicoloxía Xeral Sanitaria e a composición da comisión redactora.

04 de abril de 2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da decana e vicedecanas.
3. Proposta e aprobación, se procede, dos horarios docentes dos títulos da facultade, calendario de exames e defensa dos TFG para o curso 2022-2023.
4. Asuntos de trámite.
5. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbese a acta da reunión ordinaria de Xunta de Facultade do 22 de febreiro do 2022.
- Apróbanse os horarios e o calendario de exames correspondentes ao Grao de Psicoloxía, e aos Másteres da Facultade para o curso 2021-2022.
- Apróbese solicitar unha modificación ao calendario oficial da universidade para 4º curso de Grado e para o Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

05 de maio de 2022 (extraordinaria)

Orde do día:

Punto único.- Aprobación, se procede, da memoria para a solicitude de verificación do título de “Máster Interuniversitario en Gestión de la Experiencia de Cliente”.

Acordos:

- Apróbase a memoria para a solicitude de verificación do título de “Máster Interuniversitario en Gestión de la Experiencia de Cliente”.

30 de xuño de 2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informe da decana e vicedecanas.
3. Aprobación, se procede, da Memoria de calidade da Facultade de Psicoloxía 2020-2021.
4. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de dispensa de asistencia a clase do Grao de Psicoloxía, a proposta da Comisión do Título de Grao
5. Aprobación, se procede, do gasto do exercicio 2021 e do reparto do orzamento do exercicio 2021-2022.
6. Asuntos de trámite.
7. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbase a acta da reunión ordinaria de Xunta de Facultade do 4 de abril de 2022 e a acta da reunión extraordinaria do 4 de maio do 2022.
- Apróbase a Memoria de Calidade do Centro, curso 2020-2021

- Apróbanse a modificación da normativa de dispensa de asistencia a clase do Grao de Psicoloxía.
- Apróbanse a memoria de execución do orzamento do 2021, e a proposta de reparto do orzamento de 2022